

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1379	Necropsias	2024/2025	2	70	70

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALEJANDRO MOURE MUIÑOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico consiste en procesar mostras histolóxicas e citolóxicas, seleccionar e facer a aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas e xerais, e colaborar na realización de necropsias clínicas e forenses, de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico ou médico-legal, organizando e programando o traballo, e cumprindo criterios de calidade do servizo e de optimización de recursos, baixo a supervisión facultativa correspondente

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver as funcións de colaboración na realización de autopsias, a identificación de patróns de normalidade e anormalidade de anatomía macroscópica e a extracción de tecidos, próteses, marcapasos e outros dispositivos do cadáver.

A función de colaborar en autopsias, identificar patróns de anatomía patolóxica macroscópica e a extracción de tecidos e outros dispositivos do cadáver abrangue aspectos como:

- . Proceso de preparación da autopsia.
- . Realización das algunhas fases da autopsia e colaboración en todo o procedemento.
- . Identificación de anatomía patolóxica macroscópica.
- . Realización de técnicas de extracción de tecidos e dispositivos do cadáver.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorios de anatomía patolóxica.
- Institutos anatómico-forenses.
- Tanatorios.
- Laboratorios de investigación.
- Unidades de anatomía patolóxica veterinaria

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Autopsia_Concepto, equipamento e documentación	Procedementos previos ás autopsias	14	20
2	Fases da autopsia	Realización do procedemento de autopsia e identificación das súas fases	14	20
3	Extracción tejidos, prótesis, marcapasos y otros dispositivos	Extracción de tecidos, próteses, marcapasos e dispositivos do cadáver	8	12
4	Anatomía macroscópica normal	Identificación macroscópica anatómica e recoñecemento de patróns de normalidade	17	24
5	Anatomía macroscópica patolóxica	Identificación macroscópica anatómica e recoñecemento de patróns de anormalidade	17	24

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Autopsia_Concepto, equipamento e documentación	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o proceso de preparación da autopsia, para o que selecciona a documentación e o material segundo o tipo de autopsia	NO
RA2 - Realiza o procedemento da autopsia e identifica as fases	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a función de cada área dunha sala de autopsias nun tanatorio
CA1.2 Diferenciáronse as autopsias clínicas e medicolegais
CA1.3 Diferenciáronse as autopsias neuropatolóxicas por puncións múltiples, fetais, ecopsias, virtopsias e as súas indicacións
CA1.4 Enumeráronse os documentos legais para realizar cada tipo de autopsia e utilizouse a terminoloxía adecuada
CA1.5 Aplicáronse os criterios ético-legais sobre a confidencialidade e o segredo profesional
CA1.6 Recoñeceuse o instrumental necesario para a realización de cada tipo de autopsia, ecopsia e virtopsia
CA1.7 Definíronse as características técnicas e o funcionamento dos equipamentos
CA1.9 Aplicáronse os procedementos de limpeza e desinfección do instrumental, os equipamentos e as instalacións
CA1.10 Aplicáronse as normas de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental en todo o proceso

Criterios de avaliación
CA2.1 Describiuse o protocolo de autopsia forense
CA2.8 Descríbóronse os procedementos de utilización da ecopsia e os seus achados

4.1.e) Contidos

Contidos
Autopsia clínica parcial e total. OSala de autopsias: material e medios. Salas de autopsias clínicas e medicolegais. Mortuorio e cámaras frigoríficas. Sala de estudo macroscópico de pezas cirúrxicas. Equipamentos, instrumental e material de autopsias. Normas e procedementos de seguridade na sala de autopsias, ecopsias e virtopsias. Normas ético-legais sobre confidencialidade e segredo profesional. Terminoloxía, rexistros específicos e soportes. Autopsia medicolegal. Autopsia neuropatolóxica por puncións múltiples. Autopsia fetal. Ecopsia Virtopsia Endopsia e radiopsia Organización e protocolo do proceso de preparación. Lexislación e documentación de autopsias, ecopsias e virtopsias. Lexislación relacionada coas autopsias medicolegais. Lexislación relacionada coas autopsias clínicas. Informe.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Fases da autopsia	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o proceso de preparación da autopsia, para o que selecciona a documentación e o material segundo o tipo de autopsia	NO
RA2 - Realiza o procedemento da autopsia e identifica as fases	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Determinouse o proceso específico de preparación do cadáver
CA2.3 Recoñecéronse as técnicas de apertura do cadáver
CA2.4 Definíronse as técnicas de evisceración e disección dos órganos
CA2.5 Utilizouse a terminoloxía específica na descrición macroscópica
CA2.7 Definíronse as situacións que precisan recollida de mostras
CA2.9 Detallouse o proceso de recomposición, traslado e conservación do cadáver
CA2.10 Aplicáronse os protocolos de prevención de riscos inherentes ao corte e a disección

4.2.e) Contidos

Contidos
Preparación previa á apertura do cadáver.
Técnica de autopsia aplicable.

Contidos
<p>Organización e protocolo do proceso de preparación.</p> <p>Estudo e tarefas previos á apertura do cadáver.</p> <p>Prevenção de riscos. Normas e procedementos de seguridade na sala de autopsia. Manexo de material punzante e cortante.</p> <p>Normativa de aplicación.</p> <p>Disección do pescozo e bloque cervical.</p> <p>Técnicas de apertura do tronco.</p> <p>Extracción de órganos torácicos e abdominais.</p> <p>Apertura e estudo da cavidade cranial e o sistema nervioso.</p> <p>Disección e estudo de órganos abdominais.</p> <p>Toma de mostras en órganos e estruturas disecados e eviscerados.</p> <p>Toma de mostras en órganos e estruturas mediante ecopsia, virtopsia, endoscopia.</p> <p>Últimos estudos sobre o cadáver e recomposición.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Extracción tejidos, prótesis, marcapasos y otros dispositivos	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza a extracción de tecidos, próteses, marcapasos e outros dispositivos do cadáver, e identifica a técnica e o protocolo documental para cada extracción	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Detállouse o protocolo documental e a súa formalización para cada tipo de extracción
CA5.2 Tipificouse a extracción de tecidos e o seu posterior envío ao biobanco ou laboratorio
CA5.3 Describiuse a técnica de enucleación de globos oculares
CA5.4 Identificouse a técnica de extracción de marcapasos
CA5.5 Detalláronse as técnicas para extracción de próteses e fixacións óseas, material contaminante ou outros elementos
CA5.6 Enumeráronse as técnicas de desinfección e esterilización para a área de traballo e o instrumental
CA5.7 Detalláronse as medidas de prevención de riscos e eliminación de residuos

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Protocolo documental: normativa comunitaria, estatal e autonómica.</p> <p>Extracción de mostra de tecido. Técnica de extracción de tecido para análise de ADN. Técnicas de extracción para análise químico-toxicolóxica.</p> <p>Enucleación de globos oculares.</p> <p>Extracción de marcapasos: técnicas de localización, disección, corte de eléctrodos e sutura impermeable.</p> <p>Extracción material de osteosíntese, endoprótese, exóprotese, cravos intramedulares, material contaminante ou outros elementos.</p> <p>Prevención de riscos.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Anatomía macroscópica normal	17

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o procedemento da autopsia e identifica as fases	NO
RA3 - Realiza a identificación macroscópica anatómica e recoñece patróns de normalidade	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Definiuse a observación externa do cadáver
CA2.6 Descríbense as anomalías, os signos patolóxicos e os artefactos, e a etioloxía asociada
CA3.1 Diferenciáronse as características macroscópicas no exame externo do cadáver
CA3.2 Detállouse a anatomía macroscópica dos compoñentes do bloque cervical
CA3.3 Descríbiuse a anatomía macroscópica dos compoñentes do cranio e o sistema nervioso
CA3.4 Definiuse a anatomía macroscópica dos órganos, os vasos e outros compoñentes torácicos
CA3.5 Detállouse a anatomía macroscópica dos órganos, os vasos e outros compoñentes abdominais
CA3.6 Diferenciáronse as características macroscópicas en compoñentes non eviscerados

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>0Xeneralidades descritivas e artefactos do estudo macroscópico.</p> <p>Anatomía macroscópica do exame externo da autopsia. Signos de morte.</p> <p>Anatomía macroscópica do cranio e o sistema nervioso.</p> <p>Anatomía macroscópica do bloque do pescozo.</p>

Contidos
Anatomía macroscópica de órganos, vasos e outros compoñentes torácicos.
Anatomía macroscópica de órganos, vasos e outros compoñentes abdominais.
Anatomía macroscópica de órganos de compoñentes non eviscerados.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Anatomía macroscópica patolóxica	17

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza o procedemento da autopsia e identifica as fases	NO
RA4 - Realiza a identificación macroscópica anatómica e recoñece patróns de anormalidade	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Descríbense as anomalías, os signos patolóxicos e os artefactos, e a etioloxía asociada
CA4.1 Diferenciáronse as alteracións macroscópicas no exame externo do cadáver
CA4.2 Detállouse a anatomía patolóxica macroscópica dos compoñentes do bloque cervical
CA4.3 Descríbiuse a anatomía patolóxica macroscópica dos compoñentes do cranio e o sistema nervioso
CA4.4 Defíníuse a anatomía patolóxica macroscópica dos órganos, os vasos e outros compoñentes torácicos
CA4.5 Detállouse a anatomía patolóxica macroscópica dos órganos, os vasos e outros compoñentes abdominais
CA4.6 Diferenciáronse a anatomía patolóxica macroscópica do aparello locomotor e da medula ósea

Criterios de avaliación

CA4.7 Utilízouse a terminoloxía específica

CA4.8 Valorouse a importancia da orde e a seguridade na secuencia do proceso

4.5.e) Contidos**Contidos**

0Xeneralidades descritivas e artefactos do estudo macroscópico.

Anatomía patolóxica macroscópica do exame externo da autopsia: lesións, queimaduras, cicatrices, mtilacións e corpos estraños.

Anatomía patolóxica macroscópica do cranio e o sistema nervioso.

Anatomía patolóxica macroscópica do bloque do pescozo.

Anatomía patolóxica macroscópica de órganos, vasos e outros compoñentes torácicos.

Anatomía patolóxica macroscópica de órganos, vasos e outros compoñentes abdominais.

Anatomía patolóxica macroscópica de órganos de compoñentes non eviscerados.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os mínimos exixibles reflectidos nesta programación deberán ser superados para lograr os resultados de aprendizaxe plasmados no currículo do título.

Cada mínimo exixible contará cunha ponderación aproximada sobre o seu peso na calificación da unidade didáctica a que pertence.

O alumno aprobará o módulo cando supere todas as avaliacións parciais (1ª, 2ª e 3ª).

O alumno aprobará a avaliación parcial obtendo unha nota igual ou superior a 5 en dita avaliación parcial.

Aprobado o módulo, a nota final deste será a media aritmética das notas obtidas en cada avaliación parcial (40% 1ª ev, 36% 2ª, 24% 3ª). Para este cálculo utilizarase a nota obtida nas avaliacións parciais con dous decimales.

As notas das avaliacións parciais proporcionaranse en números naturais do 1 ó 10. Os decimais se gardarán hasta a nota final do módulo.

A nota final do módulo proporcionaranse en números naturais do 1 ó 10, tendo en conta os decimais no incluídos anteriormente. Estas notas calcularanse por redondeo.

A nota de cada avaliación parcial calcularase tendo en conta as seguintes ponderacións:

-Nota exames: 100%

Os exames poderán ter carácter teórico e/ou práctico.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizaráse seguimento dos alumnos que non superen as avaliacións parciais nin os mínimos esixibles asociados a elas.

Igualmente, proporáse actividades que permitan traballar os mínimos esixibles non superados. Especialmente, repaso de contidos e resolución de dúbidas co profesor.

Antes da avaliación final do módulo realizarase un exame de recuperación composto polos contidos de todas as avaliacións parciais non superadas (1ª avaliación, 2ª avaliación e 3ª avaliación).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perderá o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia, poderá presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria.

A proba de avaliación extraordinaria consistirá en un único exame no que se avaliará sobre todos os contidos impartidos no curso escolar. Ditos contidos representarán, de forma proporcionada, todos os criterios de avaliación do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán.

Grao de cumprimentación da temporalización.

Logro dos obxectivos programados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódico pasados aos alumnados nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traball na aula técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento da programación será documentada mensualmente por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03), na memoria final do módulo e na avaliación final da programación.

Avaliación da práctica docente.

Recadarase información a través dun ou varios cuestionarios que cumprimentará o alumnado, e nos que se solicitará a avaliación sobre a práctica docente, a metodoloxía e outros aspectos de relevancia na impartición do módulo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

CUESTIONARIO INICIAL DO MÓDULO

- Elaboración polo alumnado dun cuestionario facilitado polo departamento de orientación. Esta proba realizarase nos primeiros días de comezo do curso escolar, non sendo valorable, senon tan só orientativa do nivel do alumnado. O obxectivo é determinar se existe algún caso que exixa medidas de apoio ou necesidades específicas.

VALORACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS A CADA UNIDADE DIDÁCTICA

- Realización de cuestionarios test ou preguntas de contestación curta (orales ou escritas) para constatar os coñecementos previos do alumnado e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo seguintes serán individualizadas segundo as características do alumno ou alumna:

- Realización polo alumno/a de esquemas sobre os apuntes da clase .
- Repaso dos contidos e resolución de dúbidas de forma individual.
- Traballo con supostos hipotéticos co profesor.
- Revisión co profesor de actividades realizadas polo alumno/a de forma voluntaria.
- Realización de actividades con outros alumnos e alumnas en grupos constituídos polo profesor que poidan ser positivos para o reforzo.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

- Respecto a outras persoas (compañeiros, persoal docente ou outro persoal do centro)
- Respecto ao material do centro, mobiliario, material de laboratorio, etc
- A necesidade de manter o segredo profesional
- As novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- A prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo
- Educación para a saúde.

Todas estas cuestións serán traballados ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

De ser posible intentarase a asistencia do alumnado ao longo do curso ao Hospital Nicolás Peña para analizar en directo unha autopsia realizada polo/a forense do IMELGA

Actividades previstas durante o curso escolar rempre que sexan dentro dos acordos establecidos no Regulamento de réxime interno e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporalización repartirase ao longo do curso dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

Asistencia as charlas programadas polo departamento de sanitaria do centro.

10. Outros apartados

10.1) Adaptacións ao protocolo Covid

Ao longo do presente curso seguiranse as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias.

10.2) Réxime disciplinario

Considéranse faltas moi graves:

- a) Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos, ou utilizar documentos falsos ante o centro educativo.
- b) Plaxiar total ou parcialmente unha obra, ou cometer fraude académica na elaboración do Proxecto establecido no currículo do ciclo formativo. Entenderase como fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico.

As posibles sancións aplicables pola comisión de faltas moi graves:

- 1. Expulsión inmediata do exame.
- 2. Perda de dereitos de matrícula.
- 3. Aplicación do artigo 392 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.